

EXPOSICIÓNS

10.000 persoas visitan "Ksado. Iconas de Galicia" dende a súa apertura

A exposición da Casa do Cabido "Ksado. Iconas de Galicia", inaugurada o pasado 18 de xullo, recibiu no seu primeiro mes e medio aberta ao público a 10.000 visitantes.

A maioría destas persoas procederon da cidade de Santiago de Compostela, seguidas de Galicia e o resto de España. Tamén chegaron moitos visitantes de diferentes países europeos, e mesmo doutros continentes, destacando os procedentes de Asia e Oceanía. O perfil é dun individuo de entre 35 e 55 anos, cun lixeiro predominio das mulleres sobre os homes.

"Ksado. Iconas de Galicia" invita a quen se queira achegar á Casa do Cabido a afondar na historia da fotografía galega. A mostra, gratuita, está aberta en horario de 10 a 14 e de 17 a 21 de martes a sábado, e o domingo de 11 a 14.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/ksado-iconas-de-galicia-recibe-10000-visitantes-dende-sua-apertura>



OFICINA TÉCNICA



A Oficina Técnica do Consorcio desenvolve a bo ritmo os proxectos de "TerEManter" e fixa o inicio das obras da pasarela de unión no Conxunto de San Domingos de Bonaval

A Oficina Técnica está executando a bo termo as obras de rehabilitación dos inmobles da Cidade Histórica de Santiago de Compostela acollidos no programa de axudas á rehabilitación e o mantemento coñecido como "TerEManter". Estanse a realizar tanto as obras que se presentaron a esta edición de 2024 como a rehabilitacións acollidas á anterior resolución con prazo de execución neste ano.

Ademais, situaron no mes de outubro o inicio das obras da pasarela de unión entre o ala sur e o corpo principal do Conxunto de San Domingos de Bonaval. Aínda que non están cerradas as fechas, prevese poder colocar a pasarela os primeiros días do mes de novembro.

MÚSICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Os barrios composteláns gozaron este setembro da música clásica da man da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu en setembro unha serie de concertos, en específico o mércores 18, o xoves 19 e o venres 20. As actuacións tiveron lugar na Casa de Máquinas de Galeras, no Centro Sociocultural Santa Marta e na igrexa de Santa María da Mercé de Conxo respectivamente.

Baixo a batuta do seu director asistente, Sebastian Zinca, a orquestra traspasou as portas da súa sede, o Auditorio Galicia, co obxectivo de expandir a súa presenza aos lugares comunitarios da cidade alén e consolidarse como unha entidade musical aberta. Esta iniciativa, que comezou no ano 2015, recibiu un ano máis unha gran acollida do público.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-veve-achegar-a-musica-clasica-aos-espazos-comunitarios-dos-barrios-compostelans/>



A Real Filharmonía de Galicia organiza un novo obradoiro de dirección orquestral en decembro

Durante os días 9, 10, 11 e 12 de decembro, a Real Filharmonía de Galicia organiza un taller de dirección orquestral co fin de buscar novos directores e directoras que estean no inicio da súa carreira formativa no ámbito da música sinfónica.

O curso será liderado polo director artístico e titular da RFG, Baldur Brönnimann, e os interesados poden inscribirse ata o 11 de outubro de 2024, a través da plataforma MUVAC.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/en-decembro-tera-lugar-un-novo-obradoiro-de-direccion-orquestral-da-real-filharmonia-de-galicia/>



A música e a investigación sanitaria xúntanse un ano máis co proxecto Sensoxenoma 2024

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu os días 26 e 27 dous concertos enmarcados no proxecto de investigación Sensoxenoma, que realiza conxuntamente coa área de Infectoloxía, Inflamación e Vacinas do IDIS (grupos GenPoB e GenVIP) e a Federación Galega de Alzheimer (AGADEA), entre outras asociacións. O concerto do 27 contou coa colaboración especial da Banda Municipal de Santiago de Compostela e o repertorio musical estivo enfocado na música do cinema.

Ademais da mostra de sangue e de saliva, este ano tomáronse mostras de bágoas, e usáronse 200 sensores inalámbricos grazas a unha colaboración coa facultade de Psicoloxía da Universidade do Minho.

Máis información:
<https://www.idisantiago.es/gf/sensoxenoma-2024-mostra-e-efecto-compensatorio-da-musica-en-enfermidades-neurodegenerativas/>

INCONFORMISTAS

Comeza a temporada "Inconformistas"

Co mes de outubro chega a temporada 2024/2025 da Real Filharmonía de Galicia. O xoves 3 de outubro, ás 19:45, terá lugar a primeira actuación da temporada no Auditorio de Galicia. Baixo a batuta do director da RFG Baldur Brönnimann e coa solista Alena Baeva ao violín, interpretáranse varias composicións, entre elas a obra "Las constelaciones que más brillan" da compositora en residencia Raquel García-Tomás. O concerto tamén contará coa participación do alumnado da EAEM, e ao rematar, o público poderá conversar co director e a compositora en residencia mentres goza dun viño.

As entradas poden mercarse a un prezo de 18€. Ademais, para esta temporada, a RFG presentou dous novos abonos flexibles, Flexible 10 e Flexible 5. Estes ofrecen ao público a posibilidade de facerse con entradas para os concertos da programación a un prezo máis reducido. Así, o bono Flexible 10, cun prezo de 125 euros, poderá ser trocado por 10 entradas mentres que o Flexible 5, cun prezo de 62,50 euros, poderá ser cambiado por entradas para 5 concertos.

Tanto os abonos como as despachas están xa dispoñibles a venda a través da web de Compostela Cultura e no despacho de billetes da Zona C · Punto de Información Cultural (rúa do Preguntoiro, 1), aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-inicia-este-xoves-a-sua-nova-temporada-inconformistas-da-man-da-solista-alena-baeva/>



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

A EAEM organizou as probas de acceso para a convocatoria extraordinaria do CAEO

Tras realizar as probas de selección da decimoterceira edición do Curso Avanzado de Especialización Orquestral, a Escola de Altos Estudos Musicais lanzou unha convocatoria extraordinaria na que se ofertaron tres prazas de violín e unha de fagot. As probas tiveron lugar o 23 de setembro, e cubríronse as prazas de violín.

Máis información CAEO:
<https://eaem.es/gf/noticias/a-eaem-publica-a-lista-dos-convocados-para-as-probas-presenciais-da-convocatoria-extraordinaria-de-violin-do-caeo-2024-2025/>

